



1. Denominación do curso (nome do expediente): Soldadura MIG/MAG
2. Contidos:
  - Simbología en soldadura
  - Interpretación de planos de soldadura
  - Seguridade no corte de chapas e perfís metálicos
  - Prevención de riscos laborais e ambientais na soldadura
  - Procesos de corte e preparación de bordes para soldadura
  - Soldadura por proceso GMAW (MIG-MAG)
  - Proceso de soldeo con fío tubular (FCAW)
  - Equipos e tecnoloxía de soldeo
  - Modos de transferencia
  - Técnicas operativas de soldeo
  - Influencia dos parámetros eléctricos e operativos
  - Defectos na soldadura nos procesos GMAW e FCAW. Causas e correccións
  - Módulos transversais de igualdade (5h) e de inserción laboral e técnicas de procura de emprego (15h) e tres charlas relacionadas coa situación do sector en Galicia, o bo facer no posto de traballo e a selección do persoal no sector
  - Prácticas profesionais non laborais (120 horas)
3. Horas totais do curso: 440
4. Lugares de Celebración: No centro municipal de formación, na Gándara, e nas instalacións das empresas colaboradoras en prácticas.
5. Datas previstas do curso: Do 17 de febreiro ao 29 de xuño de 2020.
6. Horario previsto: De 9:00 a 14:00 horas en Aula, de luns a venres. Durante a realización das prácticas en empresa, no horario que se determine, a razón de 5 horas / día.
7. Nº de prazas: 15.

O concello resérvase a posibilidade de anular este curso, no caso de que non se cubra o 60% da participación prevista.

Reservarase un 20% das prazas para derivación do Servizo Sociocomunitario, que de non cubrirse pasan a engrosar o ordinario.
8. Requisitos xerais do alumnado: Maior de 18 anos, desempregado e empadroado no Concello de Narón. O requisito de idade ten que cumprirse o día de inicio do curso. O empadroamento verifícase polo Concello o último día de prazo de presentación de solicitudes. O requisito de desempregado acreditarase coa tarxeta de desemprego actualizada no día de inicio de curso.
9. Requisitos específicos do alumnado: Dispor da acreditación da formación básica de prevención de riscos laborais de **60** horas

10. Lugar de presentación das solicitudes: Rexistro Xeral do Concello de Narón, Sede Electrónica, e polos restantes medios contemplados no artigo 16.4 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

11. Prazo de presentación das solicitudes: Desde o 3 de febreiro ás 8:30 horas, ata o 10 de febreiro de 2020 ás 13:30 horas.

A presentación de solicitudes no Rexistro Xeral do Concello de Narón faranse dentro do horario do Rexistro Xeral (8:30 - 13:30 horas).

12. Selección do alumnado Por rigorosa orde de inscrición no rexistro. Reservarase o 20% das prazas para derivación do Servizo Sociocomunitario, que de non cubrirse pasan a engrosar o ordinario por orde de inscrición. Poderanse admitir solicitudes fóra de prazo, sempre que existan prazas vacantes

13. Unidade Tramitadora: Servizo Sociocomunitario.

Para máis información, na sección de Servizos, Formación a Actividades Municipais da páxina web do Concello, ou contactar co Servizo Sociocomunitario, Teléfono 981.33.77.00, extensión 1108 e 1109.

14. Observacións: Publicarase na sede electrónica o listado provisional de persoas admitidas, suplentes e excluídas. O prazo de reclamacións contra o listado provisional será de 24 horas dende a súa publicación na sede electrónica, e deberán efectuarse a través de instancia xenérica nos lugares sinalados para a presentación de solicitudes. Coa publicación da listaxe definitiva na sede electrónica se entenderán resoltas todas as reclamacións.

O alumnado seleccionado será informado telefonicamente da súa admisión.

O alumnado terá que comprometerse a cumprir as normas do curso.

**Xunto coa solicitude haberá que entregar copia do diploma ou certificación do curso básico de 60 horas de prevención de riscos laborais.**

As persoas admitidas no curso terán que entregar o día de inicio do curso (no Centro Municipal de Formación) o DNI e a tarxeta actualizada como demandante de emprego. De no acreditarse o cumprimento dos requisitos esixidos causarán baixa no curso.